

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 8 de setembro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día oito de setembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32946.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 1 de setembro 2023.

2.32947.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 20.000 HABITANTES, PARA DESENVOLVER AS ACTUACIÓNS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS INCLUÍDAS NAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DA ORDE TER/836/2022 COMPONENTE 11, INVESTIMENTO 3, ENMARCADO NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte.2023040250)

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolto conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.



Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarias para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

Con este marco e co obxecto de seguir avanzando na transformación dixital e modernización das entidades locais, o 1 de setembro de 2022, publicouse no Boletín Oficial do Estado número 210, a Orde TER/836/2022 do 29 de agosto, do Ministerio de Política Territorial, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e efectúase a convocatoria correspondente a 2022.

Poderán ter a consideración de entidades beneficiarias, e por tanto, executoras das axudas as deputacións provinciais de réxime común e de réxime foral, cabidos, consellos insulares, e as comunidades autónomas uniprovinciais, sendo os destinatarios das actuacións que realicen os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, de acordo con as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

As contías máximas das axudas para cada unha das entidades beneficiarias recóllense no Anexo VII da devandita orde, resultando a Deputación de Pontevedra executora dunha contía máxima de 2.521.745,25 €.

Dentro de este marco, a Deputación de Pontevedra, no mes de outubro de 2022, deu trámite de audiencia aos concellos susceptibles de ser beneficiarios da convocatoria en relación cunha proposta de actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das entidades locais nas cinco nas liñas estratéxicas obxecto de subvención, acadando unha resposta maioritariamente positiva.

Por conseguinte, con data 14 de decembro de 2022, a Deputación de Pontevedra co obxecto de seguir avanzando na transformación dixital e modernización dos concellos da provincia de Pontevedra, así como na consecución dos fitos e obxectivos do PRTR, formalizou a presentación da solicitude a devandita convocatoria en relación con proxectos de actuación incluídos nas cinco liñas estratéxicas.

Con Resolución do Ministerio de Política Territorial, do 31 de maio de 2023 e notificada o 1 de xuño de 2023, concedía as axudas, en forma de subvencións, para os proxectos de actuación solicitados por esta Deputación e que se recollen a continuación:

- Plataforma de comunicación e xestión de incidencias nos concellos
- Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos
- Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS
- Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos
- Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá do Estado



O período máximo para a execución dos proxectos actualmente é o 31 de decembro de 2023, despois do acordo, do 2 de xuño de 2023 notificado a esta Deputación o 5 de xuño de 2023, sobre a extensión do período de execución dos proxectos de modernización e dixitalización no ámbito da administración das entidades locais (Orde TER/836/2022, do 29 de agosto).

De conformidade co disposto no apartado 4º do artigo 18 da mencionada orde, “entenderase que a entidade beneficiaria acepta todas as condicións da subvención, se esta non manifesta a súa oposición dentro do prazo de dez días desde a notificación da resolución de concesión da mesma”.

Posteriormente, por acordo da Xunta de Goberno do 30 de xuño de 2023, a Deputación de Pontevedra solicitou ao Ministerio de Política Territorial a ampliación do prazo de execución dos proxectos subvencionables aprobados.

Con data 7 de xuño de 2023 a deputada delegada en Novas Tecnoloxías acordaba o inicio do expediente para a tramitación e aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde TER/836/2022 Compoñente 11, inversión 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Con data 12 de xuño de 2023 a Intervención Xeral no seu informe de fiscalización do expediente concluía “De acordo co exposto, entendemos que o prazo de execución previsto ata 31/12/2023 é insuficiente para desenvolver o proxecto, existindo un risco claro de incumprimento cunha posible perda da subvención”.

En consecuencia, A Intervención Xeral informaba “que a aceptación do proxecto solicitado ao programa “TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS EELL, ORDE TER/836/2022, de 28 de agosto, debe quedar condicionada a concesión por parte do Ministerio de Política Territorial dunha ampliación do prazo de execución, por un período de tempo suficiente para poder desenvolver as accións nas liñas do proxecto en tempo e forma”.

Con data 28 de agosto de 2023, a deputada delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra daba conformidade á aceptación tácita da subvención concedida, pero condicionada a ampliación do prazo de execución dos proxectos subvencionables aprobados polo Ministerio de Política Territorial, así como á eficacia de todos os actos administrativos, como o convenio que se informa, encamiñados á xestión da devandita subvención.

Con data 4 de setembro de 2023, o Ministerio de Política Territorial, a través da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, notificaba o Acordo sobre a extensión do período de execución dos proxectos de modernización e dixitalización no ámbito da administración das entidades locais (Orde TER/836/2022, do 29 de agosto) ata o 30 de abril de 2024.



Por todo o exposto, e visto o informe xurídico favorable, de data 31 de agosto de 2023, do asesor xurídico de Administración Electrónica adscrito á Secretaría Xeral e o Informe da Intervención Xeral do 1 de setembro de 2023, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar o presente Convenio en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde TER/836/2022 compoñente 11, investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, co seguinte texto:

“PROXECTO DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 20.000 HABITANTES PARA DESENVOLVER AS ACTUACIÓNS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS INCLUÍDAS NAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DA ORDE TER/836/2022 COMPOÑENTE 11, INVESTIMENTO 3, ENMARCADO NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

En Pontevedra/[o], na data da sinatura electrónica.

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, quen actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, [o], quen actúa en nome e representación do Concello de [o], en virtude da súa condición de alcaldesa/alcalde-presidenta/presidente, segundo o disposto no artigo 21.1.b da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense con capacidade suficiente para outorgar e formalizar este convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGenerationEU”, dotado con 750.000 millóns de euros, que se trata dun instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolto conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste fondo de recuperación.



Este fondo de recuperación ten por finalidade apoiar o investimento e as reformas nos Estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea e a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise provocada pola COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

Para acadar os referidos obxectivos o Goberno español, coa Resolución do 29 de abril de 2021 da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, denlle publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), que define as estratexias para seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

II. Os investimentos do citado plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos coma as convocatorias públicas para a subvención de proxectos.

Deste xeito, co obxecto de seguir avanzando na transformación dixital e na modernización das entidades locais, o 1 de setembro de 2022 publicouse no Boletín Oficial do Estado número 210 a Orde TER/836/2022, de 29 de agosto, do Ministerio de Política Territorial, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do PRTR, e efectúase a convocatoria correspondente a 2022.

As actuacións subvencionables deben perseguir os seguintes obxectivos, incluídos en cinco liñas estratéxicas:

- *Liña 1. Administración orientada á cidadanía*
- *Liña 2. Operacións intelixentes*
- *Liña 3. Goberno do dato*
- *Liña 4. Infraestruturas dixitais*
- *Liña 5. Interoperabilidade de servizos básicos da Administración dixital*

III. Poderán considerarse entidades beneficiarias e, polo tanto, executoras das axudas as deputacións provinciais de réxime común e de réxime foral, os cabidos, os consellos insulares e as comunidades autónomas uniprovinciais, e os destinatarios das actuacións que realicen serán os municipios cunha poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

IV. As contías máximas das axudas para cada unha das entidades beneficiarias recóllense no anexo VII da devandita orde, e a Deputación de Pontevedra será beneficiaria cun importe máximo de 2.521.745,25 €.

As subvencións, financiadas con fondos europeos, son de concorrencia non competitiva, nos termos que se sinalan no artigo 62 do Real decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR.

V. Dentro deste marco, a Deputación de Pontevedra, en outubro de 2022, deu trámite de audiencia aos concellos susceptibles de ser beneficiarios da convocatoria en relación coa proposta de actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das entidades locais nas cinco liñas estratéxicas obxecto de subvención, e obtívose unha resposta maioritariamente positiva.



VI. Por conseguinte, o 14 de decembro de 2022 a Deputación de Pontevedra, co obxecto de seguir avanzando na transformación dixital e modernización dos concellos da provincia de Pontevedra, e a consecución dos fitos e obxectivos do PRTR, formalizou a presentación da solicitude á devandita convocatoria en relación con proxectos de actuación incluídos nas cinco liñas estratéxicas.

Posteriormente, a Deputación de Pontevedra consultoulles en de abril de 2023 aos municipios da provincia a súa ratificación de participar nos proxectos de actuación incluídos nas liñas estratéxicas subvencionables por parte do Ministerio de Política Territorial, e obtivo como resposta un interese xeral naqueles proxectos que estimaron máis interesantes para a súa Administración.

VII. Coa Resolución do Ministerio de Política Territorial do 31 de maio de 2023 e notificada o 1 de xuño de 2023, concedía as axudas, en forma de subvencións, para os proxectos de actuación solicitados por esta Deputación e que se recollen a continuación:

- Plataforma de comunicación e xestión de incidencias nos concellos
- Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos
- Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)
- Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos
- Desenvolvemento de integración con Carpeta Ciudadana do Estado

Posteriormente, a Deputación de Pontevedra comunicoulles a concesión das axudas aos concellos que ratificaron a súa participación.

VIII. O período máximo para a execución dos proxectos é o 31 de decembro de 2023, despois do acordo, do 2 de xuño de 2023, notificado a esta Deputación o 5 de xuño de 2023, sobre a extensión do período de execución dos proxectos de modernización e dixitalización no ámbito da administración das entidades locais (Orde TER/836/2022, de 29 de agosto).

Posteriormente, co acordo da Xunta de Goberno do 30 de xuño de 2023, a Deputación de Pontevedra solicitoulle o 6 de xullo de 2023 ao Ministerio de Política Territorial a ampliación do prazo de execución dos proxectos subvencionables aprobados.

IX. Con data 28 de agosto de 2023, a deputada delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra daba conformidade á aceptación tácita da subvención concedida, pero condicionada á ampliación do prazo de execución dos proxectos subvencionables aprobados polo Ministerio de Política Territorial, así como á eficacia de todos os actos administrativos, como o presente convenio, encamiñados á xestión da devandita subvención.

X. Con data 4 de setembro de 2023, o Ministerio de Política Territorial, a través da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, notificaba o Acordo sobre a extensión do período de execución dos proxectos de modernización e dixitalización no ámbito da administración das entidades locais (Orde TER/836/2022, do 29 de agosto) ata o 30 de abril de 2024.



XI. *Que no artigo 36.1.d) da LRBRL se lles atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.*

Que no artigo 36.1.g) da LRBRL se lles atribúe ás deputacións competencias na prestación dos servizos de administración nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

XII. *Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 57 da LRBRL e no artigo 198 e seguintes da LALGA.*

XIII. *Que, a través deste convenio, a Deputación e o Concello de [o] acordan a execución coordinada das actividades incluídas nos proxectos aprobados, que se detallan no anexo I deste convenio, para acadar os fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na documentación do proxecto presentada.*

XIV. *As partes reconécese a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como “Convenio”), o cal estará suxeito ás seguintes:*

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto definir as condicións nas que a Deputación de Pontevedra lles facilitará o acceso aos concellos da provincia cunha poboación inferior a 20.000 habitantes aos proxectos aprobados na Resolución do Ministerio de Política Territorial do 31 de maio de 2023 nos que estean interesados, mediante a subscripción do correspondente acordo de adhesión, que garantizará, en todo caso, o cumprimento das obrigas establecidas neste convenio.

Segunda. Catálogo de proxectos para a modernización e dixitalización para concellos

Os concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020, poderán acceder aos proxectos do catálogo, mediante o acordo de adhesión suscrito para o efecto polo concello interesado, segundo o modelo previsto no anexo II.

Os proxectos subvencionados obxecto deste convenio recóllense no anexo I “Catálogo de proxectos para a modernización e dixitalización para concellos de menos de 20.000 habitantes”. Neste catálogo inclúense as solucións tecnolóxicas, as funcionalidades e as accións que se desenvolverán en cada proxecto.

A formalización das solicitudes de adhesión terán carácter de actos unilaterais de adhesión e, como tales, non precisarán da aceptación ou admisión das partes intervinientes neste convenio.

Terceira. Compromisos das partes

Con carácter específico asúmense por cada unha das partes, de acordo co contido e alcance que se establecen nas cláusulas deste convenio, as seguintes obrigas:



Por parte da Deputación de Pontevedra:

- *Actuar como interlocutora para os efectos de participación e representación dos proxectos, e asumir as obrigas como responsable ante os órganos de xestión da convocatoria do ano 2022 da Orde TER/836/2022, de 29 de agosto.*
- *Financiar a execución de todas as actuacións que implican cada un dos proxectos solicitados no termo municipal do Concello [o].*
- *Licitat, adxudicat, executar e recibir os traballos contemplados na memoria descritiva dos proxectos nos termos aprobados na orde e na resolución de concesión e dentro do prazo establecido no termo municipal do Concello.*
Unha vez dada a recepción dos traballos pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, previamente deberase ordenar previamente unha resolución presidencial e detallarse na acta de entrega os elementos en cuestión que se entregan, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello polo prazo legalmente establecido, así como os demais aspectos que sexan necesarios.
- *Facilitarlles ao concellos toda a información necesaria para garantir a boa xestión dos proxectos.*
- *Velar polo funcionamento de todas as actuacións realizadas na entidade beneficiaria.*
- *Comunicarlle ao Concello calquera modificación no proxecto debido a cambios tecnolóxicos ou legais.*
- *Acordar co Concello o contido dos eventos, notas de prensa ou calquera outro acto que contribúa a difundir este convenio.*
- *Velar porque as actividades e as accións das que consta o proxecto non se beneficiaron nin se benefician de axudas financeiras que supoñan un dobre cofinanciamento.*
- *Informar ao órgano xestor de calquera modificación das condicións inicialmente informadas que puidesen supoñer un incumprimento das obrigas establecidas na orde.*
- *Comunicar calquera modificación das condicións inicialmente informadas para a concesión da axuda segundo o disposto no artigo 19 da convocatoria.*
- *Xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos percibidos ante o órgano concedente, como máximo, no prazo de dous meses desde a finalización do prazo para a realización dos proxectos.*
- *Comprometerse a devolver a axuda indebidamente percibida, sen prexuízo dos intereses legais que lle puidesen esixir, e a reembolsar as sumas abonadas indebidamente conforme ao disposto nos regulamentos comunitarios e demais normativa de aplicación. A Deputación de Pontevedra asumirá integramente os intereses legais que lle puidesen esixir, xa sexa por devolución da axuda debido a sobrantes de execución ou á decisión de non execución dunha determinada actuación ou por decisión da Deputación ou dos concellos unha vez analizadas estas.*
- *Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden.*
- *Cumprir, ademais, coas obrigas, europeas e nacionais, relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea. Para ese efecto, a Deputación de Pontevedra deberá aterse ao seguinte:*
 - *Someterse ás actuacións de control das institucións da Unión, en virtude do artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021.*
 - *Solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos e en formato electrónico, as categorías harmonizadas de datos contempladas no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro. Os devanditos datos incorporaranse nunha base de datos única.*



- *Ser responsables da fiabilidade e do seguimento da execución das actuacións subvencionadas, de maneira que poida coñecerse en todo momento o nivel de consecución de cada actuación.*
- *Establecer, no seu caso, mecanismos que aseguren que as actuacións desenvolvidas por terceiros contribúen ao logro das actuacións previstas e que eses terceiros acheguen a información que, no seu caso, fose necesaria para determinar o valor dos indicadores, fitos e obxectivos pertinentes do PRTR.*
- *Asumir o mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco desta subvención e a obriga de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Política Territorial, o ministerio de Facenda e Función Pública ou outras autoridades nacionais ou europeas e de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea.*
Neste sentido, a Deputación de Pontevedra deberá conservar os documentos xustificativos e demais documentación concernente ao financiamento, en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir da operación.
- *Asegurar a regularidade do gasto subxacente e a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de interese e o dobre financiamento.*
- *Garantir que na execución das actuacións subvencionadas non se prexudicará significativamente o medio, de acordo co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.*

Por parte do Concello:

- *Autorizar a empresa adxudicataria para que poidan realizar todas as tarefas necesarias para levar a cabo as actuacións incluídas no proxecto.*
- *Nomear unha ou un interlocutor único, que actuará como persoa de referencia ante o organismo provincial no desenvolvemento do proxecto. Para estes efectos, a persoa interlocutora identificará as persoas idóneas para facilitar a organización de reunións, a execución das tarefas e a obtención da información necesaria para a Deputación e as empresas adxudicatarias.*
- *Facilitar toda a información necesaria para executar as actuacións que se contemplan no proxecto no menor tempo posible.*
- *Levar a cabo o mantemento e a conservación do proxecto resultante obxecto de convenio, e asumir a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción.*
- *Comunicarlle á Deputación de forma inmediata a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera Administración pública ou ente privado nacional ou internacional, ademais da súa contía.*
- *Para o proxecto “Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos”, identificar o posto de traballo para o que se solicita o equipo que deberá ser operativo, non sendo posible solicitar equipamento para ter en depósito ou stock.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle correspondan.*
- *Darlle a adecuada publicidade a este convenio para que quede constancia das actuacións que implican a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, o cal levará a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra no marco do PRTR, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.*



- *Aceptar a coordinación técnico-administrativa e financeira da Deputación de Pontevedra co fin de facilitar as súas obrigas ante o órgano xestor das axudas, así como colaborar e cooperar nas condicións e obrigacións que adquire a Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria do proxecto concedido.*
- *Garantir que as axudas destinadas aos proxectos se adecuaron á finalidade para a cal se concederon.*
- *Facilitar o seguimento e o control do proxecto que realicen os órganos de xestión da Orde TER/836/2022.*
- *Asumir as condicións e as obrigas establecidas na convocatoria que lle sexan de aplicación como entidade perceptora de fondos financiados pola Unión Europea-NextGenerationEU“, con especial referencia ás obrigas de mantemento dos bens ou servizos polos períodos detallados para cada un dos proxectos previstos no ANEXO I. Catálogo de proxectos, con independencia da tramitación ou non da correspondente prórroga da duración inicial do Convenio.*

Cuarta. Réxime económico e financiamento

Este convenio de colaboración non comporta contraprestacións económicas entre as partes asinantes.

O custo total das actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, incluídas nas liñas estratéxicas da Orde TER/836/2022 compoñente 11, investimento 3, enmarcado no PRTR, previstas neste convenio ascende a un máximo de 2.521.745,25 €, de acordo co previsto no anexo I da Resolución do Ministerio de Política Territorial, de 31 de maio de 2023 e notificada o 1 de xuño de 2023.

Para cumprir os obxectivos e o desenvolver as actuacións previstas neste convenio o Ministerio de Política Territorial contribuirá coa cantidade total de financiamento necesario que ascende a un total de 2.521.745,25 € para todo o período de vixencia do convenio. Para afrontar o custo do investimento existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23/926-4910-652,99 INVERSIONES PARA CONCELLOS.

Os traballos de mantemento dos bens ou servizos obxecto de subvención, en caso de precisarse e excedan da garantía dos relativos contratos, deberán ser asumidos polos concellos interesados desde a súa entrega e durante o período mínimo especificado para cada liña.

Quinta. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención en especie, será compatible con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, distintas das concedidas no marco desta orde e en cumprimento dos fitos e obxectivos do investimento 3 do compoñente 11, do PRTR, sempre que non se destinen a financiar os mesmos custos e tendo en conta a normativa comunitaria que regula o PRTR financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e demais normativa aplicable.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

De conformidade co disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e no artigo 33 do regulamento, unha das obrigas dos beneficiarios é comunicarlle á Deputación outras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.



Sexta. Responsabilidades de información e publicidade

As entidades beneficiarias da axuda deberán cumprir coas seguintes obrigas en materia de información e publicidade dispostas no artigo 4.2 da citada Orde TER/836/2022, de 29 de agosto:

- *As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme coa normativa europea e nacional que resulte aplicable. Para ese efecto, nas medidas de información, comunicación e visibilidade das actuacións financiadas (báners, en páxinas webs ou aplicacións informáticas, carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, anuncios e insercións en prensa, certificados etc.), deberánse incluír os seguintes logos:*
 - *O emblema da Unión Europea*
 - *O texto “Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”*
 - *O logo oficial do PRTR do Reino de España, e unha referencia á xestión polo Ministerio de Política Territorial*
 - *Teranse en conta as normas gráficas e as cores normalizadas establecidas no anexo I do Regulamento de execución 821/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) número 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, á presentación de información sobre os instrumentos financeiros, ás características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e ao sistema para o rexistro e o almacenamento de datos. Tamén se pode consultar a páxina web <http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm> e descargar distintos exemplos do emblema en https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag_é#download*
- *As establecidas no artigo 18 da LXS. Neste sentido, toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá incluír que foron financiados polo Ministerio de Política Territorial.*

O incumprimento desta obriga poderá ser causa de reintegro de acordo co establecido na LXS e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

En todo caso, as accións que se desenvolvan ao amparo do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Sétima. Comisión de seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e tamén para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha comisión de seguimento integrada pola deputada delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital da Deputación de Pontevedra e a alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou as persoas nas que deleguen, así como unha ou un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, incluírase como punto do orde do día da convocatoria da reunión correspondente e quedará debidamente reflectida na acta desta.

A presidencia da Comisión de Seguimento corresponderalle á Deputación de Pontevedra, quen tamén designará a persoa que exercerá as funcións de secretaria, que actuará con voz pero sen voto.

Ás reunións da Comisión de Seguimento poderán asistir convidadas ou convidados de cada unha das partes, que actuarán con voz pero sen voto.



Corresponderalle á Comisión de Seguimento:

- *A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*
- *A coordinación entre as administracións asinantes na execución para o que ditarán as instrucións oportunas.*
- *A resolución de dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta por órganos de goberno das administracións asinantes.*
- *A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este se refire.*
- *A formulación das propostas que procedan en relación coas cuestións a que os seus informes se refiran.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente a persoa responsable, por decisión propia ou a pedimento de calquera dos seus membros. As reunións poderán ser presenciais ou a distancia. No caso das primeiras, terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na reunión constituínte designarase a persoa responsable e a ou o secretario levantará as actas das reunións.

Oitava. Eficacia e vixencia do convenio

A eficacia vinculante do presente convenio queda condicionada á adxudicación dos contratos administrativos para a execución dos proxectos previstos no Anexo I ou a aprobación, polo Ministerio de Política Territorial, dunha nova ampliación do prazo de execución dos proxectos subvencionables, ambas condicións alternativas deberán producirse antes do 31 de decembro de 2023.

Este convenio entrará en vigor na data da súa firma e por un período de catro anos para o cumprimento das obrigas esixidas na convocatoria de 2022 da liña de axudas para a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais (Orde TER/836/2022, de 29 de agosto) no marco do PRTR financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Este convenio poderá prorrogarse de forma expresa a través da correspondente addenda, de conformidade co disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, sempre que as partes, a través da correspondente Comisión de Seguimento, motiven a necesidade da devandita prórroga.

A tramitación, a subscripción e os efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuaranse de acordo co previsto pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e co resto da normativa aplicable.

Novena. Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- *O transcurso do prazo máximo de vixencia*
- *O acordo unánime das partes asinantes*
- *O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algúns dos asinantes*

Neste caso notificarase a parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou cos compromisos que se consideren incumpridos.



Este requirimento tamén se lle comunicará á persoa responsable da Comisión de Seguimento.

Se, tras transcorrer o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa de resolución, e o convenio entenderase resolto.

A resolución do convenio por esta causa só poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.

- *Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio*
- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis*

Décima. Confidencialidade da información

As partes comprométense a intercambiar datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio, co compromiso de que permanecerán exclusivamente no ámbito de relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, e estarán obrigados a mantelos en réxime de confidencialidade en cada caso que se requira por un prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas as dúas o determinen de mutuo acordo.

Décimo primeira. Protección de datos

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

En caso de darse tratamentos de datos persoais no contexto da execución de actividades no ámbito deste convenio, as partes poderán ser responsables, corresponsables ou encargadas do tratamento dos datos persoais, e a Comisión de Seguimento do Convenio será a que determine a devandita responsabilidade ou corresponsabilidade ou a posible existencia do encargo do tratamento, atendendo ao tratamento de datos persoais particular que teña lugar en cada caso.

Décimo segunda. Notificación electrónica

Tendo en conta que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo se establece no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), as notificacións realizaranse só por medios electrónicos.

Décimo terceira. Cesión de competencias

Este convenio non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.

Décimo cuarta. Remisión do convenio ao Tribunal de Contas

Unha vez concluído o exercicio correspondente, remitiráselle os convenios asinados cos concellos interesados ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución presidencial núm. 2017008767, de 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; terase en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados do convenio non superan os 600.000,00 €.



Décimo quinta. Normativa aplicable e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola LXS e polo seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da LXS e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; pola LPACAP; pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; polas Bases de execución do orzamento das administracións asinantes; e polas demais normas que resulten de aplicación de dereito administrativo e, na súa falta, polas normas de dereito privado.

Ao ser un proxecto no marco do PRTR financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, está suxeito á seguinte normativa:

- *Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise provocada pola COVID-19.*
- *Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *O Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, xa que todas as actuacións executadas dentro do PRTR deben cumprir o principio de non causar un prexuízo significativo aos obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do citado regulamento.*
- *Os actos delegados do Regulamento de taxonomía, Supplementing Regulation (EU) 2020/852 of the European Parliament and of the Council by establishing the technical screening criteria for determining the conditions under which an economic activity qualifies as contributing substantially to climate change mitigation or climate change adaptation and for determining whether that economic activity causes non significant harm to any of the other environmental objectives (Actos Delegados de Taxonomía).*
- *A Guía técnica sobre a aplicación do principio de “non causar un prexuízo significativo” en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01) (Guía Técnica da Comisión Europea).*
- *Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 27 de abril de 2021, polo que se aproba o PRTR.*
- *Real decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR.*
- *Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do PRTR.*
- *Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, polo que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fítos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do PRTR.*
- *A LXS e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, serán de aplicación, no que proceda, en todo o que sexa compatible co previsto especialmente no Real decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro.*
- *A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no caso de que na execución das subvencións se celebren contratos que deban someterse á devandita lei.*



- *A normativa relativa á prevención e corrección da fraude e da corrupción, a prevención do conflito de interese e o dobre financiamento, conforme as previsións do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) 1296/2013, (UE) 1301/2013, (UE) 1303/2013, (UE) 1304/2013, (UE) 1309/2013, (UE) 1316/2013, (UE) 223/2014 e (UE) 283/2014, e a Decisión 541/2014/UE, e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) 966/2012.*
- *E demais lexislación concordante de aplicación.*

Décimo sexta. Resolución de conflitos

As partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do convenio. Con todo e no caso da aparición de discrepancias que non poidan resolverse a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa na resolución das posibles controversias que puidese suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan este convenio na data da sinatura electrónica.

ANEXO I. Catálogo de proxectos para a modernización e dixitalización para entidades locais subvencionados no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU

<i>Título do proxecto</i>
PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN E XESTIÓN DE INCIDENCIAS NOS CONCELLOS
<i>Liña estratéxica na que se enmarca o proxecto</i>
L1. Administración orientada á cidadanía
<i>Retos</i>
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Apoio á transición ecolóxica e dixital: o desenvolvemento dunha ferramenta de comunicación entre os concellos e a cidadanía será clave na transición dixital dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra.</i> • <i>Mellora da accesibilidade dos servizos públicos dixitais á cidadanía e empresas: a través deste proxecto poranse ao alcance da cidadanía unha serie de servizos dixitais vinculados coa xestión municipal mediante unha plataforma de comunicación e xestión de incidencias e un portal de transparencia.</i> • <i>Redución da fenda dixital: este proxecto contribuirá a diminuír a fenda dixital, xa que incluírá unha fase de capacitación para as persoas usuarias.</i> • <i>Mellora da eficiencia e eficacia das e dos empregados públicos: as funcionalidades de comunicación bidireccional entre as e os empregados públicos e a cidadanía mellora a eficiencia e eficacia das xestións dos distintos departamentos e áreas municipais.</i> • <i>Reutilización dos servizos e solucións dixitais construídas: este proxecto reutilizará e aproveitará a información existente para ordenala e poñela á disposición da cidadanía de maneira centralizada.</i> • <i>Uso activo das tecnoloxías emerxentes no despregamento de novos servizos dixitais.</i>



<i>Breve descripción do proxecto</i>
<p>Con este proxecto búscase crear unha canle de comunicación bidireccional entre a cidadanía e os concellos que inclúa funcionalidades de participación cidadá, de información e difusión, e de comunicación e xestión de incidencias.</p> <p>O proxecto constará de dúas actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A implantación dunha plataforma de comunicación e xestión de incidencias que permita crear unha canle de comunicación bidireccional entre a cidadanía e o concello que posibilite a participación cidadá, a difusión de información e a xestión de incidencias. • A implantación dun portal de transparencia para facilitar o acceso á información orzamentaria das entidades locais, de maneira clara e ordenada, para que a cidadanía poida ver a realidade dos ingresos e dos gastos tanto na fase de planificación coma na súa posterior execución.
<i>Colectivo obxectivo do proxecto</i>
<p>O colectivo obxectivo do proxecto é o conxunto da cidadanía e das empresas, así como os municipios da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, segundo as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.</p>
<i>Obxectivos</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Mellorar os servizos públicos que se lles prestan á cidadanía e ás empresas ao favorecer a usabilidade, utilidade, calidade, accesibilidade e mobilidade dos servizos públicos dixitais e a modernización dos procesos e, con iso, transformar o modelo de relación entre a cidadanía e as administracións públicas. • Mellorar a atención á cidadanía e a resolución das súas incidencias mediante modelos personalizados e proactivos que permitan aumentar a variedade das canles de comunicación e mellorar os servizos a través de cada unha delas. • Aumentar a accesibilidade aos servizos públicos dixitais desde calquera lugar onde se atope a cidadá ou cidadán, facilitando desta forma a difusión destas e o seu uso.
<i>Accións que se van desenvolver</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Análise e deseño para a adaptación de cada plataforma a cada Concello • Proposta de deseños gráficos e integración de datos • Configuración de informes, formularios • Probas de funcionamento • Validación de datos • Posta en produción das plataformas • Formación e capacitación • Soporte
<i>Prazo de execución</i>
30 de abril de 2024
<i>Período de mantemento dos bens ou servizos</i>
2 anos



<i>Título do proxecto</i>
SISTEMA AUTOMÁTICO INTELIXENTE DE XESTIÓN DE ÓRGANOS COLEXIADOS NOS CONCELLOS
<i>Liña estratéxica na que se enmarca o proxecto</i>
L2. Operacións intelixentes
<i>Retos</i>
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Apoio á transición ecolóxica e dixital: mediante a implantación dun sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos con automatismos que permitan a redución de tempos na realización das actas, a fiabilidade mediante o proceso de firma e a mellora do servizo ofrecido á cidadanía coa emisión en directo ou a visualización a posteriori, conséguese servizos dixitais eficientes, seguros e fiables.</i> • <i>Mellora a accesibilidade dos servizos: grazas á implantación dun sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos que permita a retransmisión das reunións e a posta á disposición da cidadanía das videoactas resultantes, incrementase a accesibilidade ao servizo e obtense unha maior transparencia das entidades locais.</i> • <i>Reduce a fenda dixital: o sistema porase á disposición de todos os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, que xeralmente teñen máis dificultades para poder acceder a este tipo de ferramentas. Acompañarase de xornadas de capacitación para facilitar a súa operación polo persoal técnico de cada Concello.</i> • <i>Mellora a eficiencia e eficacia das e dos empregados públicos: grazas á implantación de ferramentas que proporcionen automatismos que comporten a redución de tempos de elaboración das actas das reunións dos órganos colexiados, coma a videoacta, a transcripción automática e a firma dixital necesarias para a súa validación formal.</i> • <i>Reutilización dos servizos e solucións dixitais construídas: no caso de que algún dos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes aos que se lles ofrece o sistema dispuxese dalgún dos módulos, coma cámaras, microfonía ou sistemas de gravación, o sistema permitirá a súa reutilización e integración.</i> • <i>Incremento do número de procedementos dixitais: dixitalizarase todo o procedemento relacionado coas reunións dos órganos colexiados dos concellos de menos de 20.000 habitantes; desde a emisión destas ata a realización da videoacta con validez mediante sinatura electrónica e indexada e con transcripción automática ao galego e castelán. Ademais da posta en servizo dunha plataforma para o seu visionamento.</i> • <i>Incremento do número de servizos públicos: implementarase un sistema de xestión intelixente dos órganos colexiados nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra. A cidadanía poderá acceder a unha plataforma onde se aloxarán as videoactas e a documentación asociada, visualizala e descargala.</i>



<i>Breve descripción do proxecto</i>
<i>Neste proxecto realizarase a adquisición do HW e do SW necesarios para a implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisións de plenos dos concellos que permita a gravación, a retransmisión automática e a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas dos plenos.</i>
<i>Colectivo obxectivo do proxecto</i>
<i>Os colectivos obxectivos deste proxecto serán:</i> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra</i> ▪ <i>O conxunto da cidadanía</i>
<i>Obxectivos</i>
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Simplificar e modernizar a xestión das reunións dos órganos Colexiados mediante a implantación dun sistema que permita a gravación e retransmisión automática dos eventos, así como a automatización da realización das actas audiovisuais e a súa firma dixital para que teñan validez formal.</i> • <i>Redución dos tempos de realización das actas.</i> • <i>Mellora do servizo ofrecido á cidadanía mediante a emisión en directo e en diferido das sesións plenarias.</i> • <i>Avance cara a unha Administración sen papel e máis transparente.</i>
<i>Accións que se van desenvolver</i>
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Reformulacións</i> • <i>Subministración, instalación e configuración dun sistema de captación audiovisual na sala de plenos do Concello, así como dun sistema de debate.</i> • <i>Implantación e posta en marcha dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos que permita emitir en directo e en diferido as sesións plenarias de cada Concello, así como xerar videoactas de acordo cos puntos do día tratados.</i> • <i>Formación ao persoal do Concello sobre os aspectos técnicos e funcionais da ferramenta para a súa correcta posta en funcionamento.</i> • <i>Soporte ás persoas usuarias que resolva as consultas, as incidencias e as solicitudes de información derivadas do uso e da explotación do sistema.</i>
<i>Prazo de execución</i>
<i>30 de abril de 2024</i>
<i>Período de mantemento dos bens ou servizos</i>
<i>5 anos o hardware e 2 anos o software</i>



<i>Título do proxecto</i>
CADRO DE MANDO DE INDICADORES DE AXENDA URBANA E ODS
<i>Liña estratéxica na que se enmarca o proxecto</i>
L3. Goberno do dato.
<i>Retos</i>
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Promover a cohesión económica, social e territorial da UE: a Estratexia 2030 da Deputación de Pontevedra para toda a provincia contribuirá á cohesión económica, social e territorial da UE a través do desenvolvemento dos plans de acción local dos concellos.</i> • <i>Mitigar as repercusións sociais e económicas das crises ocasionadas pola COVID-19: contribuirá a minimizar as consecuencias derivadas da COVID-19 a través do desenvolvemento dos plans de acción local dos concellos.</i> • <i>Apoio á transición ecolóxica e dixital: dentro dos plans de acción local dos concellos desenvolveranse accións encamiñadas a conseguir a transición ecolóxica e dixital destes.</i> • <i>Mellora a accesibilidade dos servizos: o cadro de mando mellorará a accesibilidade da cidadanía á información da situación dos seus municipios no ámbito dos ODS e da Axenda Urbana.</i> • <i>Reduce a fenda dixital: o desenvolvemento deste proxecto abarca todo o territorio, tanto o urbano coma o rural, o que posibilita adoptar medidas que acaben reducindo a fenda dixital.</i> • <i>Mellora a eficacia e eficiencia das e dos empregados públicos: estas e estes terán información para a toma de decisións desde a análise da información existente na plataforma dunha maneira eficiente e accesible.</i> • <i>Reutilización dos servizos e solucións dixitais construídas: o proxecto aproveitará a información procedente de fontes públicas e oficiais (estatais, autonómicas e municipais) para construír os indicadores obxectivos do proxecto.</i>
<i>Breve descrición do proxecto</i>
<i>Neste proxecto implantarase unha plataforma de axendas municipais de base xeoespacial para visualizar, xestionar e analizar os indicadores dos ODS e dos da Axenda Urbana Española dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra.</i>
<i>Colectivo obxectivo do proxecto</i>
<p><i>Os colectivos obxectivos deste proxecto serán:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Os xestores en cada un dos municipios da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, que poderán tomar decisións para actuar segundo a situación do seu municipio.</i> • <i>A cidadanía e as empresas dos municipios da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, que poderán dispoñer de información da situación dos seus municipios.</i>



Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> • <i>A democratización do acceso aos datos por parte da cidadanía, as empresas e as e os empregados públicos, para permitir o libre acceso á información e a súa replicabilidade ao eliminar formularios e potenciar a axilidade e rapidez;</i> • <i>O uso dos datos para o desenvolvemento de servizos dixitais de alto valor engadido orientados á cidadanía.</i>
Accións que se van desenvolver
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Implantación, parametrización e posta en marcha dunha plataforma observatorio de axendas municipais para a xestión, análise e presentación dos indicadores baseados nos obxectivos estratéxicos dos ODS e da Axenda Urbana Española referentes ao Concello.</i> • <i>Recompilación, preparación e procesamento de datos para construír os indicadores da plataforma obxecto deste proxecto.</i> • <i>Elaboración e publicación de mapas e cadros de mando que permitan a visualización, a análise e a explotación dos indicadores.</i> • <i>Creación dun portal web que integre a información sobre os diferentes indicadores e permita o acceso de maneira unificada.</i> • <i>Capacitación do persoal do Concello sobre os aspectos técnicos e funcionais da ferramenta para a súa correcta posta en funcionamento.</i>
Prazo de execución
<i>30 de abril de 2024</i>
Período de mantemento dos bens ou servizos
<i>2 anos</i>

Título do proxecto
PROVISIÓN DE EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURAS PARA A MODERNIZACIÓN E EFICIENCIA NOS PROCESOS DE TRABALLO DOS CONCELLOS
Liña estratéxica na que se enmarca o proxecto
LA. Infraestruturas dixitais
Retos
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Apoio á transición ecolóxica e dixital: coa provisión de postos de traballo de nova xeración e a posta á disposición dos concellos de infraestrutura na nube de altas prestacións, centralizada e securizada mellórase a eficiencia no traballo diario das e dos empregados públicos e, polo tanto, a calidade nos servizos ofrecidos á cidadanía. Ademais, esta solución fomenta a mobilidade da persoa traballadora e permiten o traballo non presencial, o que facilita a produtividade das e dos empregados públicos.</i>



- *Mellora da accesibilidade dos servizos: grazas á mellora do equipamento e infraestruturas empregadas polo persoal dos concellos, permitirase executar aplicacións e servizos máis avanzados. Ademais, estas solucións facilitarán a mobilidade, de tal maneira que poderán usarse para ofrecerlles servizos á cidadanía en calquera lugar da provincia.*
- *Redución da fenda dixital: o proxecto contempla a provisión de postos de traballo de nova xeración a todos os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, o que facilita a mobilidade e o traballo diario das súas empregadas e empregados públicos de maneira non presencial. Ademais, ampliarase a infraestrutura na nube, coa adquisición de almacenamento, que se ofrece desde o Centro de Procesado de Datos (CPD) da Deputación de Pontevedra para darlle servizo ao proxecto da liña 2.*
- *Mellora a eficiencia e eficacia das e dos empregados públicos: as empregadas e empregados públicos dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra disporán de equipamentos portátiles de altas prestacións que facilitarán a mobilidade e se adaptarán ás súas necesidades en canto a procesador, memoria, almacenamento etc., para mellorar así a eficiencia e eficacia nas súas tarefas diarias.*
- *Reutilización dos servizos e solucións dixitais construídas: o proxecto contempla a provisión de equipos e infraestrutura de nova xeración para poder usar neles os programas actuais e futuros para poder obter o máximo rendemento posible dos servizos e aplicacións que os concellos lle ofrecen á cidadanía.*
- *Incrementar o número de procedementos dixitais: grazas aos novos equipos e infraestruturas dixitais mellorarase a eficiencia e eficacia das e dos empregados públicos, e tamén se poderá incrementar o número de procedementos dixitais realizados desde o Concello.*

Breve descrición do proxecto

Neste proxecto búscase prover os concellos de equipamentos informáticos que faciliten a mobilidade e con iso o traballo en remoto. Inclúense dous tipos de equipamentos informáticos:

- *Un tipo estándar dotado con capacidades para o desenvolvemento das tarefas ofimáticas máis habituais. O número máximo de equipos que se poden solicitar é de 12 por concello.*
- *Un tipo avanzado dotado de maiores capacidades para o desenvolvemento de tarefas técnicas que requiran equipamentos con prestacións superiores aos básicos. O número máximo de equipos que se poden solicitar é de 2 por concello.*

En aplicación dos principios de eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos, así como o equilibrio e igualdade intermunicipal, especialmente nos concellos de menor capacidade económica e de xestión, o reparto de equipos, no caso de non ser suficiente o crédito dispoñible, atenderá aos seguintes criterios:

1. A cada concello interesado concederáselle un mínimo de 8 equipos de tipo estándar e 1 de tipo avanzado, sempre que a súa solicitude de equipamento sexa igual ou superior a estes números.



2. No caso de que os concellos interesados soliciten máis de 8 equipamentos de tipo estándar e/ou 1 de tipo avanzado realizarase unha distribución dos equipos dispoñibles, de forma progresiva ascendente empezando polo concello cun menor número de habitantes, ata completar o número de equipos solicitados respectando os máximos ofertados.

Con carácter previo á subministración do equipamento, o concello deberá identificar o posto de traballo para o que se solicita o equipo que deberá ser operativo, non sendo posible solicitar equipamento para ter en depósito ou stock.

Así mesmo, a través desta liña ampliarase a infraestrutura na nube coa adquisición de almacenamento, que se ofrece desde o Centro de Procesado de Datos (CPD) da Deputación de Pontevedra para darlle servizo ao proxecto da liña 2.

Colectivo obxectivo do proxecto

O colectivo obxectivo do proxecto son as e os empregados públicos dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

Obxectivos

- Modernizar o equipamento dos concellos de menos de 20.000 habitantes para mellorar a produtividade das e dos empregados públicos.
- Facilitar a mobilidade das e dos empregados públicos que habiliten o seu traballo en remoto.
- Mellorar a eficacia e eficiencia dos trámites realizados polas empregadas e empregados públicos e a prestación de servizos á cidadanía.

Accións que se van desenvolver

- Identificación por parte do concello do concreto do posto de traballo para o que se solicita o equipo
- Análise preliminar
- Subministración de equipamento
- Instalación e configuración do equipamento
- Soporte á posta en marcha

Prazo de execución

30 de abril de 2024

Periodo de mantemento dos bens ou servizos

5 anos

Título do proxecto

DESENVOLVEMENTO DE INTEGRACIÓN CON CARPETA CIUDADANA DO ESTADO

Liña estratéxica na que se enmarca o proxecto

L5. Interoperabilidade de servizos básicos de Administración dixital



Retos

- *Apoio á transición ecolóxica e dixital: a integración de expedientes abertos coa Carpeta Ciudadana do Estado favorece e facilita un único punto de acceso aos servizos dixitais dos concellos para que sexan máis eficientes, inclusivos e de calidade para a cidadanía e as empresas, en liña tamén cos obxectivos previstos na Estratexia Dixital 2025.*
- *Mellora da accesibilidade dos servizos: todas as actuacións do proxecto están aliñadas co obxectivo de achegarlle a Administración á cidadanía, ao favorecer a accesibilidade a través dun único acceso en “Mi Carpeta Ciudadana” do Estado.*
- *Redución da fenda dixital: un dos obxectivos principais é reducir a fenda dixital posibilitando que todos os grupos de poboación teñan acceso garantido ás administracións.*
- *Mellora a eficiencia e eficacia das e dos empregados públicos: mediante a revisión e normalización do inventario de actividades administrativas obteranse sistemas de tramitación guiados e orientados ao dato (baseados en tarefas concretas) e unha produción de datos estruturados que permitirá realizar buscas avanzadas, explotación analítica de toda a actividade administrativa, así como a automatización do envío de información normalizada (calidade do dato) a Mi Carpeta Ciudadana.*
- *Reutilización dos servizos e solucións dixitais construídas: o proxecto vertebrase na reutilización de servizos xa construídos coma a Carpeta Ciudadana da Administración xeral do Estado*
- *Incrementar o número de procedementos dixitais: ofrecerlles á cidadanía e ás empresas un novo acceso na Carpeta Ciudadana da Administración xeral do Estado onde poder consultar a información dos seus expedientes abertos dos concellos da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 20.000 habitantes, segundo as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020. En definitiva, ofrecer máis e mellores servizos dixitais, máis inclusivos, accesibles, eficientes e personalizados, de calidade para a cidadanía e empresas e que supoñan unha experiencia verdadeiramente innovadora.*
- *Aumentar o número de servizos públicos para implementar en aplicacións: a propia aplicación da Carpeta Ciudadana, cuxa integración é o obxectivo principal do proxecto, permitirá que a información sincronizada da cidadanía e das empresas sexa accesible tamén a través de dispositivos móbiles.*

Breve descrición do proxecto

Neste proxecto desenvolverase e despregarase a capa de integración de Carpeta Ciudadana da Administración xeral do Estado co sistema de Administración electrónica do Concello para garantir a produción de datos estruturados que se intercambian entre ambos os sistemas que lle permita á cidadanía un acceso sinxelo e rápido a diferentes tipos de información relacionadas cos seus trámites.



<i>Colectivo obxectivo do proxecto</i>
<i>O colectivo obxectivo do proxecto é o conxunto da cidadanía e das empresas, así como os municipios da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, segundo as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.</i>
<i>Obxectivos</i>
<i>O desenvolvemento de integración coa Carpeta Ciudadana pretende levar a cabo a integración do estado de expedientes abertos coa Carpeta Ciudadana do sector público estatal. Co propósito de acometer este obxectivo prioritario e obrigatorio e de evolucionar a interoperabilidade administrativa ao facilitarles á cidadanía e ás empresas unha visión centralizada e detallada da súa información a través do Punto de Acceso Xeral do Estado.</i>
<i>Accións que se van desenvolver</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Realizar servizos de consultoría personalizada nos concellos. • Evolucionar os sistemas de tramitación municipais. • Conseguir a interoperabilidade semántica mediante procesos de reenxeñería e normalización de procedementos. • Facilitar o acceso á información a través dun sistema de indexación e busca avanzada. • Implementar servizos de interoperabilidade técnica cos servizos web de consulta de expedientes de “Carpeta Ciudadana” da Administración xeral do Estado. • Realizar accións de difusión e publicidade.
<i>Prazo de execución</i>
<i>30 de abril de 2024</i>
<i>Período de mantemento dos bens ou servizos</i>
<i>2 anos</i>




CONCELLO

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 20.000 HABITANTES PARA DESENVOLVER AS ACTUACIÓNS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS INCLUIDAS NAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DA ORDE TER/836/2022 COMPOÑENTE 11, INVESTIMENTO 3, ENMARCADO NO PLAN DERECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA
ANEXO II – CARTA DE ADHESIÓN

LIÑA 4. Identificación do posto de traballo (...continuación)	
TIPO AVANZADO	

DECLARACIÓN RESPONSABLE	
A persoa representante declara:	
1. Que o órgano competente do Concello acordou solicitar a adhesión ao "Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes para desenvolver as actuacións destinadas á transformación e modernización das administracións das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde TER/836/2022 compoñente 11, investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", así como adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxección plena a todas elas.	
2. Que o Concello coñece e acepta as obrigas e o réxime económico previstos no devandito convenio.	
3. Que non concorre ningunha circunstancia das previstas no artigo 13, apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.	

DOCUMENTACIÓN	
<input type="checkbox"/>	Aprobación do convenio polo órgano competente do Concello

PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	Deputación de Pontevedra
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente solicitude
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos
Destino dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.depo.gal/proteccion-de-datos

SINATURA	
	
Lugar e data:	
	, de de de

Mod: 926.015G

 SERVIZO NOVAS TECNOLOXÍAS, Pazo provincial, avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra
 Tlf: 986 804 100, novastecnoloxias@depo.gal, www.depo.gal


Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do mencionado convenio mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Conceder un prazo de 10 días hábiles aos concellos interesados para a formalización da súa adhesión ao convenio, segundo o previsto na cláusula segunda do convenio.

3.32948.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DO CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS CONTRATADAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2023010892)

Resultando.-Que a Deputación de Pontevedra está levando a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia e co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. As obras a executar desenvolveranse en estradas provinciais e suporán traballos de pavimentación, urbanización, creación de itinerarios peonís e ciclistas, reposición de servizos, etc. en definitiva acondicionamento e mellora de espazos públicos co obxectivo de contribuír a unha mobilidade segura e sustentable.

Resultando.-Que así mesmo, na maioría das obras tense en conta a especial importancia da necesidade de realizar rigoroso plan de control de calidade dos materiais e da propia execución das obras, tanto a nivel de laboratorio como no rexistro e control de ensaios “in situ”.

Resultando.- Que por outra banda, a Deputación de Pontevedra, promove a execución de obras de edificación e urbanización nos edificios da súa propiedade ou no suposto de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.

Resultando.- Que nestas actuacións tamén se considera prioritaria a xestión da calidade para conseguir que o proxecto cumpra todos os requisitos e expectativas para os que se decidiu emprender. En consecuencia, é fundamental garantir o control de calidade do proxecto, dos materiais e na súa execución .

Resultando.-Que en definitiva, o obxecto do contrato esténdese a todas as obras contratadas pola Deputación de Pontevedra, que segundo o criterio do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e do Servizo de Arquitectura (segundo proceda) precisen dun plan de control de calidade. O adecuado control de calidade na execución das obras supón unha garantía da que non se pode prescindir para comprobar a súa correcta execución e entrega final en condicións.

Resultando.-Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo estes traballos, xa que se require dun laboratorio especializado, con persoal cualificado e con equipos moi específicos, o que non sería viable para esta nin para calquera outra Administración en termos de eficiencia básica.



Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, iniciando a tramitación do expediente para a contratación do servizo de “Execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra”, cun orzamento de execución material de 330.000,00 €, IVE incluído.

Resultando.-Que consta no memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, CSV:KHF3JF1EQWVJOV43, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto recollido no artigo 131.2 da LCSP.

Resultando.-Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación CSV:NYQG7464YU09ZQ7F, no que se recolle que se entende que os pregos contan co contido mínimo establecido nos artigos 122 da LCSP e 67 do Real decreto 1098/2001, informándose favorablemente.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse informe de fiscalización do expediente CSV: J88JZ4XW7F28H9A2, recollendo unha serie de observacións, ás que se lle da resposta mediante informe complementario do Servizo de Infraestruturas e dilixencia de modificación do PCAP, que constan no expediente.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”*



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ *A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente, para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de servizos o importe de cen mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de servizos “*Execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra*” de acordo co seguinte detalle:

NÚMERO	DESCRICIÓN DO LOTE	IMPORTE SEN IVE	IVE (21%)	TOTAL CON IVE
Lote nº 1	Zona Norte	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
Lote nº 2	Zona Centro	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
Lote nº 3	Zona Sur	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
Lote nº 4	Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións	49.586,78 €	10.413,22	60.000,00 €
Orzamento base de licitación		272.727,27 €	57.272,73 €	330.000,00 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): F4RUWA4YACKM2BRI, e de prescricións técnicas con código (CSV) P7R8OQJ36TCSDJNR, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 330.000,00 €, de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	A que corresponda a cada obra	82.500,00 €
2024	A que corresponda a cada obra	247.500,00 €



O gasto obxecto do contrato para as anualidades 2024 e seguintes, no caso de prórroga, queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos orzamentos.

4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 30 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

4.32949.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONCLUSIÓN DUN ACORDO MARCO QUE REGULE A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS E SEGUIMENTO DE PROXECTOS FINANCIABLES CON FONDOS EUROPEOS, INCLUÍDOS OS PROCEDENTES DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. LOTES 1 E 3. (Expte.2023006937)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023, aprobou o expediente para a conclusión do “Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a s presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
1	Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.
3	Proxectos de novas tecnoloxías.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con datas 17 e 14 de abril de 2023, respectivamente. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12 de maio do 2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

As empresas admitidas foron as seguintes:

Lote 1: Ningunha.

Lote 3: Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399

Empresas non admitidas: Ningunha.



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Cooperación.

Recibido informe do servizo do Cooperación, de data 30 de maio do 2023 (CSV: WRHDQ21SW4Z9SBME), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2 de xuño de 2023, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 9 de xuño de 2023, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do Acordo Marco a favor das seguintes empresas, polos prezos e valores ofertados nos respectivos lotes:

LOTES	EMPRESAS PROPOSTAS
Lote 1: Proxectos do medio natural, cambio climático e eficiencia enerxética e de enerxías renovables.	Ningunha.
Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías	Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399

Mediante Resolucións Presidenciais números 2023004720, de 14 de xuño de 2023, o órgano de contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación e requiriu á empresa Consultores de Automatización y Robótica S.A., que presentaba a mellor oferta no lote 3, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, presentase a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Consultores de Automatización y Robótica S.A. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023039805, de data 23/06/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 14.507,68 € (carta de pago núm. operación 202300129050, do 27/06/2023).



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar deserto o Lote 1: “*Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables*” do “Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a s presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, por non presentarse ningunha oferta en tempo e forma.

2.- Adxudicar o lote 3: “*Proxectos de novas tecnoloxías*” do “Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a s presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” á empresa Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399, polos prezos e valores ofertados no respectivo lote, conforme ao seguinte:

Prezo ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote
226.000,00 €	47.460,00 €	273.460,00 €



A porcentaxe de baixada ofertada respecto ao prezo total de licitación do lote (22,11%) aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación (compostos, para cada fase e tramo de orzamento do proxecto obxecto de contratación, dun elemento fixo máis unha porcentaxe aplicable sobre o orzamento do proxecto), resultando deste xeito os prezos unitarios ofertados, que son os seguintes:

LOTE 3

FASE 1 EXISTINDO FASE 2			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adjudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	1.215,08 €
150.000,00 €	300.000,00 €	0,81%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	0,69%	364,53 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,59%	1.123,95 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,27%	5.832,40 €

FASE 1 NON EXISTINDO FASE 2			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adjudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	2.430,17 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,62%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,38%	729,05 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	1,17%	2.247,91 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,55%	11.664,81 €



FASE 2 EXISTINDO FASE 1		RANGO ORZ. A XESTIONAR		
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adjudicación)		
		PORCENTAXE ORZAMENTO		FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%		4.860,34 €
150.000,00 €	300.000,00 €	3,24%		0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	2,75%		1.458,10 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,35%		4.495,81 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,09%		23.329,61 €

FASE 2 NON EXISTINDO FASE 1		RANGO ORZ. A XESTIONAR		
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adjudicación)		
		PORCENTAXE ORZAMENTO		FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%		6.075,42 €
150.000,00 €	300.000,00 €	4,05%		0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	3,44%		1.822,63 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,94%		5.619,76 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,37%		29.162,02 €

FASE 3		RANGO ORZ. A XESTIONAR		
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adjudicación)		
		PORCENTAXE ORZAMENTO		FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%		6.075,42 €
150.000,00 €	300.000,00 €	4,05%		0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	3,44%		1.822,63 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,94%		5.619,76 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,37%		29.162,02 €



FASE 4		RANGO ORZ. A XESTIONAR		
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)		
		PORCENTAXE ORZAMENTO		FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%		1.822,63 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,22%		0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,03%		546,79 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,88%		1.685,93 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,41%		8.748,60 €

En todo caso, nos prezos indicados, inclúense os gastos de persoal, dietas e desprazamentos, material funxible, amortización e funcionamento das instalacións, equipos e medios de transporte, consumo e, en xeral, todos os necesarios para o correcto desenvolvemento dos traballos descritos no Prego de Prescricións Técnicas, así como todos os impostos e os gastos derivados da colaboración na labor de difusión da imaxe e edición de documentos informativos.

- Prazo de duración do Acordo Marco: 4 anos, contados desde a súa formalización, sen posibilidade de prórroga.
- Prazo de execución/duración dos contratos baseados: Indicarase en cada contrato baseado, así como, no seu caso, os prazos parciais de cada un dos fitos de execución do contrato.
- Financiación: Indicarase no acordo de adxudicación de cada contrato baseado, que poderá ser financiado con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.
- Con carácter previo á tramitación do acordo marco non se aprobará un orzamento base de licitación, de conformidade co artigo 100.3 da LCSP.

A autorización e disposición e compromiso do gasto realizarase coa aprobación e adxudicación do correspondente contrato baseado no acordo marco, previa certificación da existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación.



- Forma de pagamento: PARCIAL. Fitos de facturación:

O pago realizarase en función dos prezos unitarios de adxudicación, que serán os resultantes de aplicar aos prezos unitarios de licitación (compostos, para cada fase e tramo de orzamento do proxecto obxecto de contratación, dun elemento fixo máis unha porcentaxe aplicable sobre o orzamento do proxecto) a porcentaxe de baixada ofertada sobre o prezo total de licitación do lote.

Aboarase conforme ao seguinte:

Fase 1.- Preparación da candidatura:

- 80% a partir da data de presentación efectiva, ante o organismo competente, da documentación da candidatura de proxecto á convocatoria correspondente (fase 1.1)
- 20% restante coa finalización dos traballos comprendidos na fase 1.2

Fase 2.- Redacción do proxecto:

- 100% do prezo coa entrega dos traballos correspondentes a esta fase, previa comprobación polos servizos técnicos provinciais da súa correcta execución.

Fase 3:

- Un 20% do importe total coa entrega e aprobación polo/a Director/a da obra ou proxecto da seguinte documentación:
 - Informe previo do proxecto adxudicado.
 - Informe proposta de supervisión e control.
 - Informe de expropiacións ou cesións de terreo, no seu caso.
- 60% do importe total durante a execución da obra, servizo ou equivalente, distribuído proporcionalmente en función dos traballos realizados segundo informe do/a Director/a das obras ou proxectos. As facturas serán mensuais sempre e cando a obra ou proxecto non estean suspendidos.
- 20% do importe total a entrega do proxecto de liquidación.

Fase 4:

- Ata o 90% de maneira sincrónica co grao de xustificación validamente presentado do proxecto, de tal maneira que se aboará o importe que corresponda na mesma proporción que o grao de xustificación alcanzado, restando o xa aboado.
- 10% restante coa finalización dos traballos correspondentes ao peche do proxecto.

En cada contrato baseado especificarase a que fases corresponde cada certificación/xustificación a presentar, tendo en conta as especialidades que se poidan establecer na convocatoria correspondente.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

- Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Nº de exp.:		
Órgano xestor:	LA0006138 <i>(agás que se indique un diferente no acordo de adxudicación do contrato baseado).</i>	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

- Responsable do acordo marco: Marina Piñeiro Novo, xefa do servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.
- Responsable dos contratos: Indicarase no acordo de adxudicación de cada contrato baseado.
- Representante da Administración: Indicarase no acordo de adxudicación de cada contrato baseado.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o acordo marco en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do acordo marco. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

É necesario a formalización en escritura pública das unións de empresarias e empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto.



5.32950.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2022 (5ª MOBILIDADE).
(Expte.2021064912)

O 24 de novembro de 2021 publicouse a convocatoria de propostas 2022 do programa Erasmus+ (EAC/A09/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C473/09) aprobada pola Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao abeiro do Regulamento (UE) núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello de data 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

O 22 de febreiro de 2022 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID- KA121-VET-ADAE3F5F) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 60 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 5 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2022 ata o 31 de agosto de 2023). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de catro períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 15 de xullo de 2022 a dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu a resolución pola que se publican os listados de solicitudes seleccionadas e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas, correspondentes á convocatoria de propostas 2022 do Programa Erasmus+, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto Erasmus+2022 por importe de 599.765,00 €.



Trátase dun proxecto plurianual (2022-2024) e para a anualidade 2022 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 28 de setembro de 2022 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2022 ata ao 31 de agosto de 2023. Con todo, solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 23 de xuño do 2023 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio do 2024.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, o alumnado distribuírase en varias quendas de mobilidade:

- A primeira quenda, que comprende un total de 8 alumnos que iniciaron a mobilidade en abril do 2023 con destino Portugal e Italia.
- A segunda quenda, que comprende un total de 5 alumnos que iniciaron a mobilidade en maio do 2023 con destino Portugal, Italia e Irlanda.
- A terceira quenda, que comprende un total de 2 alumnas que iniciaron a mobilidade en maio do 2023 con destino Italia.
- A cuarta quenda, que comprende un total de 2 docentes que iniciaron a mobilidade en maio do 2023 con destino Finlandia e Portugal.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en xaneiro do 2024.

Ademais das mobilidades do alumnado, o proxecto Erasmus+ 2022 tamén contempla mobilidades de docentes e persoal. En concreto, foron concedidas 5 mobilidades de persoal de aprendizaxe por observación (*Job-shadowing*) de 8 días de duración. A duración total do período de mobilidade de persoal de aprendizaxe por observación non poderá ser superior a 2 meses e terá unha duración mínima de 2 días consecutivos.



Con data 18 de outubro de 2022 celebrouse unha reunión cos centros educativos do consorcio de mobilidade do proxecto Erasmus+ 2022 na que se realizou a asignación destas mobilidades mediante un sorteo a través dunha aplicación web. Realizado o sorteo, o resultado dos centros seleccionados foi o seguinte:

- 1: CONGREGACIÓN MISIONERA DEL DIVINO MAESTRO
- 2: IES RIBEIRA DO LOURO
- 3: IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ
- 4: CIFP A XUNQUEIRA
- 5: IES CHAN DO MONTE

A duración das mobilidades de aprendizaxe por observación que se realizaron foi inferior á duración das que se concederon ao proxecto (8 días). Por conseguinte, existe dispoñibilidade de fondos que se van destinar á realización de máis mobilidades deste tipo sen superar o total orzamento concedido. En consecuencia, como vén sendo habitual, procedeuse a contactar cos centros educativos que se atopaban na lista de agarda para cumprir coa execución total do presuposto do proxecto e o 9 de xuño do 2023 o IES Terra de Turonio manifestou a súa intención de realizar unha mobilidade, presentando as actas de selección do docente seleccionado para esta mobilidade xunto co resto da documentación obrigatoria.

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino, polo que este cálculo podería verse modificado no suposto de que se produza unha variación no número de días. A plataforma *Beneficiary Module*, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+, realiza o cálculo da contía correspondente de forma automática segundo as directrices do programa.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte dos interesados das cantidades asignadas en concepto de axuda individual co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinala aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

A duración total das prácticas no país estranxeiro no poderá superar 365 días. Se durante este período se cumpren 12 meses a contar dende a finalización dos estudos, nese caso daranse por concluídas en tal data.

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante equivalente ao 90% del importe especificado en la cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas preparatorias dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e,



polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumpran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

Con data 31 de agosto de 2023 emitiuse informe – proposta para a adxudicación das bolsas de mobilidade ao alumnado e ao docente participantes no proxecto Erasmus+ 2022 (5ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e prace do Deputado Delegado.

Con data 1 de setembro de 2023 a Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado e do docente que participan neste proxecto Erasmus+ 2022 (5ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 356.909,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2428.481.01 do proxecto de gasto 2200002_PRACTICUM DEPO 2022.

NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2022 do programa Erasmus+ (EAC/A09/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C473/09), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2023.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado e do docente que participan neste proxecto Erasmus+ 2022 (5ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).
Para esta 5ª mobilidade con destino Italia, Portugal, Malta, Irlanda, Finlandia, Francia e Países Baixos a contía ascende a 356.909,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2428.481.01 do proxecto de gasto 2200002_PRACTICUM DEPO 2022 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.
2. Notificar este acordo ás partes interesadas.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.



Dito anexo é como segue:

Nome e apelidos	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Total días	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	1º abono	2º abono
Nerea Romero Estévez	Xestión administrativa	IES Ribeira do Louro	Malta	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Iago Naveira Molina	Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas	IGafa	Irlanda	02/10/2023	30/12/2023	92	4.512,00	275,00	4.787,00	4.308,30	478,70
José Aitor Zaldúa Otegui	Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas	IGafa	Malta	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Elisabeth Varela Filgueira	Actividades comerciais	IES Luis Seoane	Portugal	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Aldara Fernández Lago	Actividades comerciais	IES Luis Seoane	Países Baixos	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Jonathan Ramón Padín Chan	Actividades comerciais	IES Luis Seoane	Finlandia	02/10/2023	29/03/2024	182	8.652,00	360,00	9.012,00	8.110,80	901,20
Marta García Castiñeiras	Actividades comerciais	IES Luis Seoane	Portugal	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Guillermo Méndez Ramos	Actividades comerciais	IES Luis Seoane	Finlandia	02/10/2023	29/03/2024	182	8.652,00	360,00	9.012,00	8.110,80	901,20
Adrián Casares García	Panadería, repostería e confitería	EFA A Cancela	Italia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Ludvine Berthelot	Panadería, Repostería e confitería	EFA A Cancela	Italia	02/10/2023	25/02/2024	149	6.198,00	360,00	6.558,00	5.902,20	655,80
Nair Alonso Pontes	Xestión administrativa	EFA A Cancela	Italia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Anetha Cristina Mclean Batista	Procedementos de xoyería artística	Escuela Técnica de Joyería del Atlántico	Francia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Ana Cristina Lozano Castro	Procedementos de xoyería artística	Escuela Técnica de Joyería del Atlántico	Francia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Daniela Fernanda Tamayo Herrera	Procedementos de xoyería artística	Escuela Técnica de Joyería del Atlántico	Francia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Rebeca M ^a Tovar Blanco	Procedementos de xoyería artística	Escuela Técnica de Joyería del Atlántico	Francia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Nara Mayela Trujillo	Procedementos de xoyería artística	Escuela Técnica de Joyería del Atlántico	Francia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Noel Mora Guntín	Procedementos de xoyería artística	Escuela Técnica de Joyería del Atlántico	Francia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Noemí Domínguez André	Procedementos de xoyería artística	Escuela Técnica de Joyería del Atlántico	Francia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30



Héctor Otniel Palmeros Guerra	Soldadura e caldeirería	IES Marco do Camballón	Irlanda	02/10/2023	29/03/2024	182	8.652,00	275,00	8.927,00	8.034,30	892,70
Martín Castro Rial	Soldadura e caldeirería	IES Marco do Camballón	Irlanda	02/10/2023	29/03/2024	182	8.652,00	275,00	8.927,00	8.034,30	892,70
Pedro Iglesias Figueroa	Vídeo disc-jockey e son	IES Audiovisual de Vigo	Irlanda	02/10/2023	29/03/2024	182	8.652,00	275,00	8.927,00	8.034,30	892,70
Víctor Lores Mantilla	Vídeo disc-jockey e son	IES Audiovisual de Vigo	Portugal	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Andrea Rodríguez González	Vídeo disc-jockey e son	IES Audiovisual de Vigo	Irlanda	02/10/2023	29/03/2024	182	8.652,00	275,00	8.927,00	8.034,30	892,70
Ismael El Halouy Fernández	Actividades comerciais	IES Indalecio Pérez Tizón	Italia	02/10/2023	30/12/2023	92	3.918,00	275,00	4.193,00	3.773,70	419,30
Cian Cañedo Ferro	Actividades comerciais	IES Indalecio Pérez Tizón	Malta	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Joel Gesteiro Pino	Aproveitamento e Conservación do Medio Natural	IES Antón Alonso Ríos	Portugal	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Lucía Rosales Banqueiro	Matemento de Buques e Embarcacións	Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do	Finlandia	02/10/2023	29/03/2024	182	8.652,00	360,00	9.012,00	8.110,80	901,20
Luis Feijoo Zerihum	Navegación e Pesca Litoral	Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do	Finlandia	02/10/2023	29/03/2024	182	8.652,00	360,00	9.012,00	8.110,80	901,20
Mahmoud Elsayed Abdelkader Ghaim	Dirección e coordinación de actividades de tempo libre educativo	Divino Maestro	Portugal	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Gabriel Iglesias Fandiño	Xestión administrativa	Divino Maestro	Malta	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Lucciana Victorio Piedra	Comercialización de produtos alimentarios	IES A Guía	Italia	02/10/2023	30/12/2023	92	3.918,00	275,00	4.193,00	3.773,70	419,30
Zoila Lorenzo González	Comercialización de produtos alimentarios	IES A Guía	Italia	02/10/2023	30/12/2023	92	3.918,00	275,00	4.193,00	3.773,70	419,30
El Mehdi Lagmari	Actividades comerciais	IES A Guía	Portugal	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Inés Piñeiro Fernández	Comercialización de produtos alimentarios	IES A Guía	Italia	02/10/2023	30/12/2023	92	3.918,00	360,00	4.278,00	3.850,20	427,80
Laura Plzcueta Leirós	Guía no medio natural e de tempo libre	IES Terra de Turonio	Italia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Anxo Suárez Costas	Guía no medio natural e de tempo libre	IES Terra de Turonio	Italia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Pablo Gil Pérez	Guía no medio natural e de tempo libre	IES Terra de Turonio	Italia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30



Yago Oliveira Gaspar	Guía no medio natural e de tempo libre	IES Terra de Turonio	Italia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Cristian Vila Barros	Sistemas microinformáticos e redes	IES Antón Losada Diéguez	Italia	02/10/2023	29/03/2024	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
Sergio Trabazo Abelenda	FPB Informática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	02/10/2023	30/05/2024	244	9.998,00	180,00	10.178,00	9.160,20	1.017,80
Jorge Solla Tombo	FPB Informática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	02/10/2023	30/05/2024	244	9.998,00	180,00	10.178,00	9.160,20	1.017,80
Francisco Rosales Iglesias	FPB Informática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	02/10/2023	30/05/2024	244	9.998,00	180,00	10.178,00	9.160,20	1.017,80
Rosa María Iglesias Valladares	FPB Informática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	02/10/2023	30/05/2024	244	9.998,00	180,00	10.178,00	9.160,20	1.017,80
Noelia Calo Gambino	Guía no medio natural e de tempo libre	IES de Poio	Italia	02/10/2023	30/05/2024	244	9.998,00	275,00	10.273,00	9.245,70	1.027,30
Nayara Alonso Louro	Guía no medio natural e de tempo libre	IES de Poio	Italia	02/10/2023	30/05/2024	244	9.998,00	275,00	10.273,00	9.245,70	1.027,30
Javier Veiga Asorey (docente)	Guía no medio natural e de tempo libre	IES Terra de Turonio	Italia	11/09/2023	15/09/2023	7	728,00	275,00	1.003,00	1.003,00	-
									356.909,00		

6.32951.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA *INCATINFRAESTRUCTURAS, S.A.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS 9, 15, 21, 22 E 30 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DAS OBRAS DO SERVIZO DE MOBILIDADE” (Expte.2017004128) (Devogaran 2023039183)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 01 de setembro de 2017 (Nº Rexistro 2017016696, de data 11/09/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para o control e seguimento das obras do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2017004128).



Para responder da realización dos Contratos Derivados números 9, 15, 21, 22 e 30, que compuxeron este servizo, a empresa *INCAT INFRAESTRUCTURAS, S.A. (CIF.- A-36.997.708)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATAS
INCAT INFRAESTRUCTURAS, S.A. (A-36997708)	09 (Exp. 2017050323)	381,27€	201700219150	29/12/2017
	15 (Exp. 2018007874)	1.128,68€	201800065660	25/04/2018
	21 (Exp. 2018032337)	235,24€	201800138624	06/08/2018
	22 (Exp. 2019002217)	423,84€	201900049050	13/03/2019
	30 (Exp. 2021000435)	286,35€	202100017732	29/01/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao cumprir a empresa satisfactoriamente cos obxectos de ditos Contratos Derivados conforme as cláusulas administrativas que os rexeron.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *INCAT INFRAESTRUCTURAS, S.A.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos Contratos Derivados números 9, 15, 21, 22 e 30 do *Acordo Marco* convocado para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para o control e seguimento das obras do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra*” (Exp. 2017004128), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil INCAT INFRAESTRUCTURAS, S.A., por resultar adxudicataria de ditos *Contratos Derivados* que son os seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en metálico por importe de trescentos oitenta e un euros con vinte e sete céntimos (381,27 €), para responder do CD9 de “*AT control e seguimento da obra - Actuación integral de seguranza viaria e mobilidade sostible na E.P. 9106, dende a E.P.9101, ata a Igrexa de San Vicente O Grove*”-, que foi depositada na Tesourería Provincial o 29/12/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700219150.
- o A garantía definitiva constituída en metálico por importe de mil cento vinte e oito euros con sesenta e oito céntimos (1.128,68 €), para responder do CD15 de “*AT control e seguimento da obra - Recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Rúa Concepción Arenal EP 3401 o Porto (A Guarda)*”-, que foi depositada na Tesourería Provincial o 25/04/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800065660.
- o A garantía definitiva constituída en metálico por importe de douscentos trinta e cinco euros con vinte e catro céntimos (235,24 €), para responder do CD21 de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9213 A Granxa-Dorrón, do PQ 0+000 ao PQ 0+800 (Sanxenxo)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 06/08/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800138624.
- o A garantía definitiva constituída en metálico por importe de catrocentos vinte e tres euros con oitenta e catro céntimos (423,84 €), para responder do CD22 de “*AT control e seguimento da obra -Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6518 Silleda-Ponte (Tramo 1), do PQ 0+435 ao PQ 0+876 (Silleda)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 13/03/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900049050.
- o A garantía definitiva constituída en metálico por importe de douscentos oitenta e seis euros con trinta e cinco céntimos (286,35 €), para responder do CD30 de “*AT control e seguimento da obra -Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 2906 Os Valos-Guízán, dende o PQ 2+180 ata o PQ 2+920 (Redondela)*”-, que foi depositada na Tesourería Provincial o 29/01/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100017732.

7.32952.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS 26 E 27 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DAS OBRAS DO SERVIZO DE MOBILIDADE”.(Expte. 2017004128) (Devogaran 2023039197)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 01 de setembro de 2017 (Nº Rexistro 2017016696, de data 11/09/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para o control e seguimento das obras do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2017004128).



Para responder da realización dos Contratos Derivados números 26 e 27, que compuxeron este servizo, a empresa *URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (CIF.- B-36.982.510)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adjudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATAS
URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B-36982510)	26 (Exp. 2019002253)	557,23€	201900038549	27/02/2019
	27 (Exp. 2019002258)	273,58€	201900038558	27/02/2019

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao cumprir a empresa satisfactoriamente cos obxectos de ditos Contratos Derivados conforme as cláusulas administrativas que os rexeron.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado a liquidación dos Contratos Derivados números 26 e 27 do *Acordo Marco* convocado para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para o control e seguimento das obras do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2017004128), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L.*, por resultar adjudicataria de ditos *Contratos Derivados* que son os seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de cincocentos cincuenta e sete euros con vinte e tres céntimos (557,23 €), para responder do CD26 de “*AT control e seguimento da obra -Mellora da mobilidade peonil e reforzo de firme na E.P. 2703 Pazos – Pontearreas, dende o P.Q. 11+300 ao P.Q. 13+500-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 27/02/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900038549.



- o A garantía definitiva constituída en metálico por importe de douscentos setenta e tres euros con cincuenta e oito céntimos (273,58 €), para responder do CD27 de “AT control e seguimento da obra -*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4004 Acceso á Igrexa de Guláns, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+490-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 27/02/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100038558.

8.32953.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB NATACIÓN BATALLA DE RANDE APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 16/09/2022 .(Expte.2022026786)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club Natación Batalla de Rande* con NIF: G05350533 do *Concello de Vigo*, por un importe de 2.077,97 €, para a “*Proba a nado Batalla de Rande*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2023, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023050774 con data 31/08/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado a imposibilidade de xustificación, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención de 01/09/2023 co CSV: 5KEIK4RCTCUMPL07 e polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

9.32954.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE RIBADUMIA Á SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS OU EXECUCIÓN DE OBRAS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA. (Expte.2021019124)

Primeiro.- A Xunta de Goberno, na sesión de 6 de agosto de 2021, adxudicoulle ao Concello de Ribadumia unha subvención por un importe máximo de 100.000 euros (eixe 2) para a execución do Proxecto de obras de recuperación dos espazos públicos na contorna dos centros escolares e deportivos de Barrantes, conforme ás Bases Reguladoras da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de data 24 de febreiro de 2021.

Esta subvención financíase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo á aplicación 21/456.9420.762.11.2020.

Segundo.- As vías ou terreos nos que se proxectaba realizar as obras subvencionadas non son na súa totalidade de propiedade municipal. En concreto, o treito comprendido entre o P.Q. 0+115 e o P.Q. 0+430 da E.P. 9506 Barrantes-Vilariño, é de titularidade da Deputación.

Iniciado un expediente de perda de subvención, o Concello alegou que viña dispoñendo do uso de forma continuada e indefinida desde hai anos. Este expediente está pendente de Resolución.



Terceiro.- Logo da tramitación correspondente, a Xunta de Goberno, en sesión de 4 de agosto de 2023, aprobou un convenio de colaboración co Concello para executar obras de urbanización da rúa Condesea e áreas de estacionamento no mesmo ámbito do conxunto educacional e deportivo que conforman os edificios do núcleo urbano de Barrantes. Así mesmo no dito convenio prevese a transferencia posterior ao Concello do treito comprendido entre o P.K. 0+115 e o P.K. 0+430 da E.P. 9506 Barrantes-Vilariño.

Cuarto.- O Concello de Ribadumia, o día 23 de agosto de 2023 registrou na sede da Deputación de Pontevedra unha instancia solicitando que se acepte a súa renuncia á subvención de 100.000 euros concedida pola Xunta de Goberno da Deputación o 6 de agosto de 2021.

Consideracións técnicas e legais:

1ª Estas subvencións réxense polo disposto nas propias bases da convocatoria e supletoriamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro (base vixésima).

Na Base 25- Normas xerais reguladoras das subvencións- das de execución do orzamento en vigor recollese así mesmo o réxime xurídico sinalando que está constituído por:

“a. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado por R. d. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).

b. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

c. Lexislación básica do Estado reguladora da Administración local (artigo 72 da Lei 7/85, de 2 de abril, LRBRL e artigos 40,189.2 e 214.2 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL).

d. Normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, artigos 87 a 89 e R.d. 1755/87, de 23 de decembro, e disposicións concordantes).

e. Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, OXSDEPPO”.

2ª O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas regula a desistencia das solicitudes e a renuncia dos dereitos por parte dos interesados. Nos puntos 1,3 e 4 preceptúa que:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar os seus dereitos.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.”

3ª O artigo 63.2 do regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado por R. d. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), establece que se acordará por resolución tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia o dereito ou a imposibilidade material sobrevida.



Non concorren neste suposto as circunstancias previstas no punto 3 do antedito artigo, isto é, non se desestimaron solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non se estimaran por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada una delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma. Por este motivo non se tramita a concesión a ningún outro interesado.

O órgano competente para a resolución do procedemento é a Xunta de Goberno por ser o órgano que concedeu a subvención.

Por todo o exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo, logo da fiscalización da Intervención Xeral:

Primeiro.- Aceptar a renuncia do *Concello de Ribadumia* á subvención por importe máximo de 100.000 € concedida pola Xunta de Goberno en sesión de 6 de agosto de 2021 con destino á redacción do Proxecto de obras de recuperación dos espazos públicos na contorna dos centros escolares e deportivos de Barrantes.

Segundo.- Anular a disposición de crédito correspondente e declarar concluso o procedemento de concesión da subvención conforme ás Bases Reguladoras da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de data 24 de febreiro de 2021.

Terceiro.- Declarar concluso e archivar o expediente de perda de subvención por parte do Concello de Ribadumia con destino as obras de recuperación dos espazos públicos na contorna dos centros escolares e deportivos de Barrantes.

10.32955.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte.2023057148)

Vista a relación de facturas con número 2023057148, que contén 3 facturas e por un importe de 9.809,48 € e con CSV: 4PMYADC00YD49688, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 01/09/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	8.917,71 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	891,77 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	9.809,48 €



11.32956.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

12.32957.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

